

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 27 de novembro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 27/11/2024
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 27/11/2024
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Proposta de límite de prazos:
  - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - c. Plan de actuación en relación ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- V. Proposta de materias optativas:
  - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2025/2026:
  - a. PDA G291 Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. PDA G311 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - c. Listaxe priorizada de departamentos
  - d. Escrito xustificativo da asignación dun único departamento para as materias de formación básica
- VII. Proposta PDA M148 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- VIII. Proposta PDA M195 Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- IX. Actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 23 de outubro de 2024.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

## 2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

## 3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2025/2026.

A proposta presentada pola dirección (Anexo IV) é a mesma do curso pasado: manter 50 prazas de acceso directo para o Grao en Enxeñaría da Enerxía e solicitar a redución de prazas para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. No curso pasado a redución foi autorizada e se ofertaron 30 prazas de novo ingreso para esta titulación.

A Presidenta lembra que a normativa autonómica (*Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades*) contempla a posibilidade de solicitar unha redución do número de prazas ofertadas para unha titulación cando se dean as seguintes circunstancias:

1. **“Exceso de oferta:** a non cobertura sistemática das prazas ofertadas durante os últimos tres anos, unha vez rematado o proceso de chamadas por parte da CIUG, no caso dos graos.
2. **Número de persoas egresadas:** cando a taxa de graduación sexa sistematicamente inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Neste caso o centro responsable presentará un plan fundamentado para conseguir unha taxa de graduación de polo menos o 35% nos seguintes tres anos”.

Sinala que o GERME cumpre ámbalas dúas condicións e propón solicitar a mesma redución da oferta de prazas de novo ingreso que o curso pasado, na liña de potenciar a singularidade da titulación. Vinculada a esta solicitude de redución de número de prazas de novo ingreso hai que presentar un **plan de actuación** para aumentar a taxa de graduación nun período de tres anos (Anexo IVc).

A Xunta de centro aproba por asentimento a proposta de límite de prazas.

## 4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2025/2026.

A presidenta comenta a proposta presentada pola dirección (Anexo V) aclarando que as materias que figuran con 0 horas se corresponden a materias que se imparten nos dous graos e que figuran no primario da outra titulación.

Apróbase a proposta por asentimento.

## 5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2025/2026.

A Directora lembra que se achegou a proposta da dirección (Anexo VI) e sinala a novidade da entrada en vigor do regulamento de docencia en inglés. Indica os principais

puntos do regulamento e como afecta á elaboración da PDA. En relación a este tema aclara que o profesorado que viña impartindo docencia en inglés segue interesado en continuar, salvo na materia *Matemáticas: Estatística*, e que xa se conta co visto bo dos departamentos correspondentes.

Cede palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen sinala que en GERME se propón unha PDA mínima (salvo a duplicación de un grupo por docencia en inglés). En canto a GEE, amosa e comenta as modificacións propostas, indicando que se deben ao aumento alumnado matriculado en 1º e nalgúnhas materias de 2º ou 3º. Concretamente, propón aumentar un grupo B nalgúnhas materias de 2º e 3º e un grupo C en outras. Ademais, propón aumentar un grupo B e un grupo C na materia *Proxectos* e eliminar o grupo de inglés de *Matemáticas: Estatística* de 1º.

Esta proposta supón 160 horas máis da PDA achegada pola Vicerreitoría, pero esperase que a acepten. Ademais, sinala que vai revisar os datos que traslada a Vicerreitoría xa que parecen errados.

Por outra parte, a directora indica que nos “*Criterios de elaboración da PDA para o curso 2025/2026*” se indica que se achegue unha lista priorizada de departamentos que poderían asumir a docencia das materias de Formación Básica. Sinala que a proposta da dirección relativa á listaxe priorizada de departamentos (Anexo VI-c) é a mesma do ano anterior, engadindo un escrito xustificativo similar da proposta de manter a asignación dun único departamento para as materias de formación básica (Anexo VI-d).

A Xunta de Escola aproba as propostas de PDA por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado na elaboración das PDA.

## **6. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.**

A Directora sinala que a proposta de PDA do máster (Anexo VII) foi aprobada pola correspondente Comisión Académica.

Elena Alonso, Coordinadora do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, sinala que a PDA proposta é a mínima posible, cun grupo en cada materia. Aclara que xa se van impartir os dous cursos do plan novo.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

## **7. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.**

A Directora sinala que a proposta de PDA do máster (Anexo VIII) foi aprobada pola correspondente Comisión Académica.

María Araújo, Coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, lembra que se trata dun máster interuniversitario e que na PDA soamente aparecen horas nas materias que se imparten na UVIGO. Sinala que a PDA proposta é a mínima posible, cun grupo en cada materia.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

## 8. Renovación da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que hai que renovar a composición da comisión e amosa a proposta: da composición e sinala que o alumnado non presentou ningún representante suplente para a comisión.

Colectivo	Titular	Suplente
Profesorado 1º Graos	Javier Vijande López	Elena González Rodríguez
Profesorado 2º Graos	Beatriz Guitián Saco	Mª del Carmen Pérez Pérez
Profesorado 3º-4º GERME	Fernando García Bastante	Leandro Alejano Monge
Profesorado 3º-4º GEE	Pablo Eguía Oller	Javier Taboada Castro
Profesorado MUEM	Eduardo Giráldez Pérez	Teresa Rivas Brea
Alumnado	Juan Pablo López Castillo Romina Pacini Belén Parente Artime Mateo Salgado Díaz	
PAS	Mª Carmen Romo Pérez	Jesús García Caurel

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

## 9. Ratificación, se procede, das actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora lembra a normativa, salienta que os criterios académicos xa están establecidos pola normativa da Universidade e expoñe as propostas efectuadas polos tribunais de cada grao, recollidas nas correspondentes actas (Anexo IX). Aclara que neste curso proponse conceder 4 premios: dous para os plans novos e dous para os plans en extinción.

A Xunta de centro ratifica por asentimento ambas actas.

## 10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

## 11. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 38 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e sete de novembro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 27/11/2024

## Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 27 de novembro de 2024. A reunión terá lugar na Aula de Grao ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de outubro de 2024.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2025/2026.
- 4) Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2025/2026.
- 5) Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2025/2026.
- 6) Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.
- 7) Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.
- 8) Renovación da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 9) Ratificación, se procede, das actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.
- 10) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 11) Rogos e preguntas.

Vigo, 20 de novembro de 2024

O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

CSV : GEN-f716-6266-11ec-9154-4119-35c0-41f8-fadb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 20/11/2024 09:28 | NOTAS : F



## ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 27/11/2024



## ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 27/11/2024

### Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Andrés Herguedas, Laura
4. Araújo Fernández, María
5. Cabeza Simó, Marta
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Díaz Fernández, Belén
8. Diez Ferrer, José Bienvenido
9. Domínguez Santiago, Ángeles
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. González Rodríguez, Elena
14. Guitián Saco, M<sup>a</sup> Beatriz
15. Pazo Rodríguez, María
16. Pérez Orozco, Raquel
17. Pérez Pérez, M<sup>a</sup> Carmen
18. Pozo Antonio, José Santiago
19. Rodríguez Rodríguez, Ana María
20. Taboada Castro, Javier
21. Vázquez Dorrión, José Benito
22. Vijande López, Javier

### Alumnado

23. Parente Artime, Belén

### Persoal de Administración e Servizos

24. Romo Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen

### Desculpan a súa ausencia

- Arias Sánchez, Pedro
- Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
- Goicoechea Castaño, María Iciar
- Patiño Vilas, David
- Rivas Brea, Teresa

## ANEXO III

### Informe da Directora

## ANEXO IV

Proposta de límite de prazas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. Plan de actuación en relación ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

## ANEXO V

Proposta de materias optativas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

## ANEXO VI

Propostas PDA dos Graos para o curso académico  
2025/2026:

- a. PDA G291 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. PDA G311 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. Listaxe priorizada de departamentos
- d. Escrito xustificativo da asignación dun único departamento para as materias de formación básica

## ANEXO VII

Proposta PDA M148 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

## ANEXO VIII

Proposta PDA M195 Máster Universitario en Xestión

Sostible da Auga

## ANEXO IX

Actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao